

## **Enma, a incerta historia da súa creatividade**

**Feira do Teatro de Cangas**

**Xoves 27 de xuño de 2019**

*Palabras,*

*Palabras torpes*

*Como balbuceos de un niño.*

*Pero son mías*

*Y me las guardo*

*Para ofrecérselas a mis amigos.*

[Este poema é toda unha declaración da intención de Enma de manter inédita e no espazo privado a súa faceta como escritora. De aí que case ninguén a coñecese]

O primeiro relato que lin de Enma apareceu no meu correo electrónico o 20 de novembro de 2008. Latexaban na pantalla as palabras da amiga desculpándose pola intromisión e mais o relato titulado *La incierta historia de Milagros*. Non, eu tampouco tiña nin idea de que Enma escribise. Había xa anos que nos coñecíamos, eu mesma fora devota grupi dos *Bombeiros Voluntarios* e, sobre todo, de *Bloody Mary*, o dúo que formaba con María Costas. Faláramos de moitas cousas, pero nunca de literatura, de aí a miña enorme sorpresa e a emoción que me produciu a súa inesperada confianza. Lin o relato con paixón. Atrapoume. Estaba moi ben escrito, cos personaxes impecablemente definidos, con intriga e sobre todo, con ese maravilloso talento que ela tiña para narrar a través da ironía. Aí xa estaban máis ou menos as temáticas que había atopar no resto dos relatos e dos poemas que fun coñecendo naquela breve pero intensa correspondencia e

despois, trala súa morte, nunha carpeta marrón que me entregou Morris e, nas últimas semanas, grazas ás pescudas de Area e Tania.

Este relato, *La incierta historia de Milagros*, conta a relación dunha muller con dous homes –esposo e amante- ao longo da súa vida. Milagros, educada, como as mulleres de certa posición social, na idea de que a súa única misión na vida era cazar un bo partido que lle asegurase un porvir, unha familia, un determinado estatus, ao quedar viúva, recupera a relación cun antigo amante e, cando este morre, encérrase na casa co seu can, Mouro. Ata que a veciñanza a descobre aforcada e sen unha perna, que le comera o can. Contra o que parece, non é un relato triste, está escrito no rexistro irónico co que envolve a crítica a unha determinada forma de vida, e mesmo provoca a risa e sentes unha empatía enorme co can. A mente feminista de Enma converte á protagonista nun personaxe que decide, aínda que a súa decisión última sexa a autoeliminación. Intelixentemente, a escritora fai sobrevivir á protagonista, mediante a devoración da súa perna, en Mouro, o can que tanto quería e que a acompañou ata o final.

Tal e como veño de dicir, nel aparecen varios dos temas que Enma adoita tratar na súa escrita: a identidade, a soidade, a morte, o suicidio, as relacións muller-home, o feminismo, a percepción da realidade que, neste conto Enma constrúe, como experta narradora, a través da mirada de Mouro. Léovos o parágrafo derradeiro de *La incierta historia de Milagros*: “Muy cerca, Mouro descansa tumbado a la sombra de un árbol, apoya la cabeza entre las patas y, después de exhalar un suspiro, observa el ir y venir de la plaza con los párpados entornados, como si hubiese decidido ver solo la mitad del mundo”.

Mandeille os meus comentarios, suxestións e correccións. Ela respondeume cun novo relato. Desta vez un relato longo, dunhas trinta páxinas, ambicioso, escrito en español igual que *La incierta historia de Milagros*.

Titulábase *Serena* e, se no anterior trataba con ironía e sentido do humor a educación sentimental da muller e o seu nefasto destino, neste trata a rivalidade entre dúas mulleres. O contrario da sororidade, simplificando, é a rivalidade de dúas mulleres alimentada por un varón, sobre todo pola posición de poder que lle dá a un home que dúas mulleres o amen. Crea unha relación destrutiva na que unha das mulleres implicadas, *Serena*, a máis conservadora –digamos- chega a desenvolver poderes maléficos contra a máis insubmisas, *Vera*, a que traballa sen parar para ser cantante e valerse de seu na vida. “*Vera se concentró plenamente en su música. No permitiría que nada se interpusiera entre ella y sus deseos*”. Os homes aquí quedan reducidos a caricaturas, por extremadamente machistas ou facilmente manipulables polas artes máxicas e sedutoras dunha das implicadas. Triunfa, e non podía ser doutra maneira, a muller insubmisas, a que é consciente de que o seu desexo de cantar, e o esforzo por logralo, vai ser a razón última da súa felicidade e da súa dignidade.

Se en *La incierta historia de Milagros*, descubrín temas recurrentes -como dixen- en toda a escrita de Enma en *Serena* aparece un novo: a música: o mundo que envolve á música, a música espectáculo, as estrelas musicais, o éxito, a frustración, a mediocridade. E tamén outro tema importantísimo: a tenrura .

O terceiro e último relato que me enviou foi *El último bolo*. Trata dunha muller, “a organista”, que sobrevive nunha orquestra na que todos son homes e menosprézana. Enma, a escritora, narra en primeira persoa e implícase emocionalmente. Non sei se se trata de pura ficción ou se é unha recreación de moitas situacións que debeu vivir. A protagonista, unha

teclista, vese exposta ao rexeitamento dos compañeiros músicos que, despois dunha actuación nunha aldea de Lugo, pretenden abandonala de noite no medio da estrada, soa, cansa, cargando co teclado. Sálvaa un músico solidario, que impide que se leve a cabo semellante vinganza. Hai redención para o varón a través da empatía e a solidariedade. A narradora utiliza a palabra “vinganza”: “Cuando al final de la noche el boss se acercó y con la satisfacción de quien por fin halla el momento de su venganza, y me dijo que esa noche no me llevarían de vuelta a casa, sentí incluso cierto alivio: no me iban a dar de hotias ni tampoco iban a destrozar mi YAMAHA DX7. Solamente me abandonarían en algún lugar indeterminado de la carretera Santiago-Lugo a las cinco de la mañana”.

A mais de temas que aparecían nos relatos anteriores, aquí xorden outros novos: a interpretación, a falta de respecto pola muller intérprete fronte á muller cantante nas orquestras e bandas maioritariamente masculinas e, tamén, a atracción da vida nocturna.

Foron estes tres relatos os que recibín de Enma. *El último bolo* entrou no meu correo o día 2 de febreiro de 2009. Mandeille as correccións a medida que os lía pero nunca souben nada máis. Creo que, nalgún momento, cometín o erro de propoñerlle escribir algo xuntas. A min o tema das orquestras fascinábame, e María Costas ben o sabe. Enma respondeume que lle daba pánico e que non era tan disciplinada como para comprometerse nun proxecto así.

E esa comunicación literaria desapararecu. Nunca volevemos a escribirmos nin tampouco falamos do tema cando nos viamos. Pensei que fora unha etapa da vida de Enma, na que a súa necesidade de crear deixara de centrarse na literatura e se dirixía á música e ao ensino.

Cando morreu, e Morris me entregou a carpeta marrón chea de mecanoscritos, quedei marabillada porque había poemas e relatos que descoñecía. En total, Tania e Area recuperaron 22 relatos e unha cantidade

máis grande de apuntamentos e unha ducia de poemas e letras de cancións. Evidentemente, Enma non era poeta, era unha poderosa narradora.

E tamén comprobei que si, que fixeras as correccións que eu lle indicara e que mesmo traducira algún relato ao galego.

Volver a lela despois da súa morte sobrecolleume porque nas súas palabras, nas súas obsesións, nas súas coherentes militancias, no ritmo en que flúen prosa e poemas está a voz, o pensamento e o movemento de Enma. Foi un feliz reencontro.

### **Pero que era realmente a literatura para Enma, ademais dunha ofrenda de amizade como declara no poema inicial?**

Pois é un lugar de busca onde se fai preguntas e atopa respostas a temas que a fascinan ou que a preocupan, e que trata a través de distintos personaxes.

A **loucura**, por exemplo: “Tengo miedo a acabar en un manicomio, entre locos, con las manos atadas”.

A **soidade buscada**: “Debo resultar patética insistiendo una y otra vez en la soledad... [Como nadie ni nada] me resulta lo bastante satisfactorio, decido andar sola sin miedo. Sola paseo por el parque, sola entro en los bares, sola me voy a la playa. Sola, siempre sola”. (Soidade e morte 1)

A **morte e o suicidio**, do que escribe con lucidez e sen medo: “Como un pájaro en la noche oscura, planeo sobre mi tumba” “Tenía 15 o 16 años y ya extrañaba morirme. Siento un placer terrible al imaginarme muerta”. “Entre dramáticos estertores / trato de inventar la puesta en escena de mi muerte”

A **mediocridade e o fracaso**: “Mi fracaso es de una profundidad obscena, sombría, húmeda a veces. Oscura, oscura y profunda como la Garganta del Colorado, por lo menos”

Pero os seus escritos tamén tratan da vida, recollen un desexo extraordinario, lumunoso, de vivir: “Pocos sabían lo que yo buscaba. Buscaba mi forma. MI FORMA. Me sentía como si fuera pura enerxía que buscara un corpo físico en el que derramarse” y vivir. “No nos rendiremos, no nos cortaremos las venas, seguiremos adelante aún huérfanos de ideas, arriesgando hasta la última gota de sangre. Enerxía y vida”

**Aproveito esta reivindicación da vida para ler dous poemas moi persoais de Enma, que a definen**

y yo me pregunto:

¿es que acaso no tiene mi andar, un decir lleno de arrogancia,  
de implacable desafío,  
de gracioso y valiente orgullo,  
seguro de saber hacia donde camina?

Esgrimo la aspiradora  
como arma mortal.

Mis grandes enemigos a batir:  
ácaros, pelos, pulgas, migas de pan...

Todos ellos,  
insignes guerreros domésticos.

Mis grandes problemas de estado:  
lavar los platos sucios y  
aclarar los enjabonados  
mientras espío sin piedad  
la ventana de enfrente.

¡Ah!, difícil, muy difícil  
combatir en esta guerra insoslayable,  
indeformable, insípida,  
llena de grelos y merluzas.

Outro dos temas que asoman nos máis dos textos é o **mundo da noite** é outro tema recorrente: era cando saían “las personas interesantes, la noche era un espacio de intercambio donde reinaba en el mundo de las estrellas celestiales. Siempre tenía la lengua agil para contestar, sugerir, bromear, discutir. Vivía las emociones en carne viva. Enma era feliz na noite pero un personaxe di: “aún así ese mundo nocturno no calmaba el dolor, ni las ansias de otras vidas, ni la soledad”

A **política, o feminismo, a dignidade, a xustiza social**. Confesa unha personaxe valente –quizais a propia Enma: “Yo, durante mucho tiempo, pensé como un hombre: lo hice sin darme cuenta. Con los años me di cuenta, por ejemplo, de que había leído demasiada literatura escrita por hombres y en mí perduraba su visión de las cosas. No ocurriría esto, estoy segura, si la narradora fuese una mujer”. “Me pregunto por qué voy siempre por la acera en la que nunca da el sol. Nunca da el sol en mi acera de estatus de clase media. Autocrítica necesaria: yo no soy el mundo”.

Tamén é un **espazo de reflexión sobre a creación** –musical e literaria sobre todo-. Hai un relato, titulado *Las horas*, no que a protagonista escribe: “Tengo la manía de escribir relatos cortos, malos e inútiles, pero no puedo evitarlo”. É este un relato fermoso, inmenso, no que nos amosa á protagonista –quizais a mesma Enma- buscando manobras de distracción para non estudar os temas dunha oposición.

Pero sobre todo, creo eu, é un acubillo, un espazo de descanso. Escribir tranquilízaa, calmaa, ofrécelle un lugar de silencio: “Escribo de prisa, antes de que se me acabe la locura. Hace más de un mes que no escribo, desde que espero algo de mí. A duras penas consigo hilar las palabras, las ideas... Por lo demás, estoy sola. Todo resuena en mi cabeza como un relato corto, pero pocas veces se darle un final, un sentido. Que sería de nosotros sin el dolor de los poetas?”

É, asemade, ese lugar onde falar consigo mesma, un verso dun poema seu di: “voy leyéndome al mismo tiempo que me escribo, reflexionándome”

O silencio e a calma que procura na literatura proxéctao na súa visión na música: “Chegaremos ó momento en que haberá tantos rexistros distintos, tantos ruídos, tantos efectos sonoros, que a musica se resumirá nun só son. Un son único, que será capaz de transmitir sensacións, crear atmosferas ou, simplemente, conseguir a nada, ningunha reacción, o son da indiferencia. A creación reducida á mínima expresión. Sons ingravidos, conseguidos só despois dun arduo traballo de mesturas de mil rexistros, na exacta intensidade e volume, como un lenzo no que tras un só trazo latexan mil cores.”

Ramato co principio do relato “Conto para poder durmir”: “Érase unha vez unha persoa morta, alguén. Unha persoa que morreu, calquera. Estando morta, pasóulle pola cabeza que, de tanto que desexara morrer mentres vivía, os seus amigos, familiares e achegados, en vez de botar a chorar cando faleceu, decidiron castigala ao esquecemento eterno”. E xa vemos, agora que nos xuntamos aquí as amizades e familia, o equivocada que estaba.

Ben Enma, esta é a tenrura que che ofrecemos, a lembranza permanente. Non dubido, non dubidamos que sentes o libre pracer de



estar definitivamente morta. Gózaos e goza tamén do noso inmenso afecto.  
Nos seguiremos encontrándonos contigo na túa paixón creativa.

Anxos Sumai

Compostela

26 e 27 de xuño de 2019